

## EDUCACION AMBIENTAL. PERIGO SOCIAL

Si, sen dúbida a educación ambiental é un auténtico perigo social, un perigo e un medo que empeza a percorrer os corpos do poder, das institucións montadas para mantelo en pe, das múltiples tecnocracias que nos agasallan dia a dia cun camiño de destrucción diante da pantalla mentireira dun mundo maravilloso en televisión.

E falo non desa educación ambiental, que tamén impostra se limita á observación e nunca á crítica, á reflexión. Falo dunha educación ambiental, ou mellor dunha autoformación que conleva con ela o gran perigo social, aprender a pensar, a ser críticos, a posicionarse, a participar, a trocar a realidade imposta... si quizás ate a ser revolucionarios. Sen dúbida, iso conleva medo e temor a que troquen as cousas,

*E hora dunha profunda e continua reflexión de todos os que facemos educación ambiental*

a que a sociedade, o pobo, e ti e mais eu empêcemos a pensar, a vivir, e saibamos que isto non marcha, coñezamos que o noso planeta autodestruese e todos somos culpables, vexamos o lado escuro das cousas, o berro de dor e morte dos páxaros, as árbores, os ríos, o mar, a tristura infinda dos que morren entre a codicia dos outros, dese terceiro mundo que viaxa impotente cara a agonía.

Por iso hoxe teño o grande temor da manipulación da educación ambiental, xa están as empresas deseñando os programas, xa as institucións non poden deixar escapar un novo medio de manipulación, se fala incluso dunha posible asignatura de educación ambiental, de encorsetar esta na castradora escola, na competitiva sempre violenta escola.

E hora, penso eu dunha profunda e continua reflexión de todos os que facemos educación ambiental, de reafirmar a nosa proposta

autoformativa, crítica e autocrítica, participativa e eu diría antipatriarcalista.

Medios de comunicación libres como pretenden ser as follas desta revista, poden ser tamén os canles ideais para esa continua proposta educativa, esa proposta que pode empezar a

artellar un camiño que nos saque do pozo da uniformidade cultural e de pensamento e sobre todo dese pozo negro no que nós, a especie humana, nos estamos afundindo, mais e mais cada dia. ■

Anxo Moure

## A AGENG ANTE A SUA PROXIMA XI ASEMBLEA

Num eido no que proliferam numerosas organizacións que coincidem a veces territorialmente, e case sempre nos seus obxectivos, muito similares ou cando menos complementarios, a existencia dum **foro de debate, intercambio e coordinação**, é imprescindible. A AGENG leva o substantivo de asemblea, e quizá seja a organización asemblearia a mais adequada para fomentar o debate, o intercambio e a coordinação. Así era a AGENG hai cuatro anos, cando menos formalmente, e así a percebim eu.

Nom duvido da sinceridade daquelas/as que apostaron por um reforzamento das estructuras da AGENG, proceso que culminaría (polo momento !) na IX Asemblea (Sada, 1993) coa criação dumha Comissom Permanente, que representa e actua em nome da AGENG entre as sucesivas juntanzas das Comissons Coordinadoras.

Na análise do curso que leva hoxe a vida da AGENG, hai dous factores que, penso, son primordiais: a participación, por un lado, e os logros das luitas e das campañas desenvolvidas em comúm, por outro. Sem dúbida, pode-se valorar tambem a vitalidade da AGENG polo número de asuntos que tenha tratado como tal, ou pola frecuencia de apariçom nos xornais e a divulgação das suas siglas e anagrama. Pero em realidade, este posicionamento nega em si a razom de ser dumha Asemblea, cal é a existencia dum elevado número de entes ou grupos organizativos. É quizás a falta de

futuro organizativo destes a que conduce á reorganización da AGENG?

Nom deixa de ser curioso que proliferen hoxe as Plataformas, nom só como um vieiro para a criação de nexos entre o ecoloxismo e outras organizacións sociais, senon tambem como ámbito de trabalho e convivencia de diferentes intereses ecoloxistas. A AGENG, organización que abarca a mais de 40 grupos ecoloxistas e naturalistas galegos..., nom foi capaz de achegar a si grupos bem activos e definidos como a APDR, perdeu formalmente a participación da SGHN, e perdeu tambem de feito a participación de grupos activos ainda que segan sendo da Asamblea. As auséncias comezam a ser muitas e significativas.

Ao longo destes anos ten-se recorrido a votacions pouco necessárias (e as vezes mesmo ridículas) se coincidiriamos neses obxectivos fundamentais, para mim, do que deveria ser a Asemblea. Se alguém fixera um cómputo, acharia que a media dos sufráxios emitidos en cada votación nom atinge en número ás auséncias mais notórias antes mencionadas. Sirva a modo de exemplo o "debate" e posterior votación que tiveron lugar numha Comisión Coordinadora de finais do 93, sobre se os diferentes grupos deveriam asinar ou nom a solicitude de moratoria ás incineradoras.

O que si me parece importante é que quem tenha interese se ponha a reflexionar. Este podería ser um bom lugar para tal debate. ■

Manuel Soto Castiñeira

